



ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DO DEPORTE ESPAÑOL PARA O FOMENTO DO DEPORTE E O TURISMO DEPORTIVO EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

**A SUBDIRECTORA XERAL DE XESTIÓN DEPORTIVA DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE,
DECLARA:**

Que esta SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou coa ASOCIACIÓN DO DEPORTE ESPAÑOL o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 04 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia e a Asociación do Deporte Español para fomentar o deporte en Galicia e, en particular, o turismo deportivo na Comunidade Autónoma.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

O Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias da comunidade autónoma en materia de deportes.

II.- A Lei do Deporte de Galicia, Lei 3/2012 do 2 de abril, no seu artigo 2, recoñece as especiais funcións que o deporte desenvolve na sociedade, en especial e entre outros, non ámbitos da educación, da cultura, da saúde pública, a cohesión social, o desenvolvemento ou o respecto ao medio natural, en atención ao cal o deporte considérase de interese público para a Comunidade Autónoma de Galicia.

No artigo 4.d establece que, entre os principios xerais da política deportiva de Galicia encóntrase a promoción e a difusión do deporte galego non supraautonómicos.





III. Que ADESP é unha asociación conformada por federacións deportivas españolas que ten como fin colabora na posta en marcha e desenvolvemento de proxecto vinculados ao deporte que supoñan un beneficio para o deporte español; ademais de ser interlocutores e colaboradores das institucións públicas para promover e canalizar proxectos de interese social e que podan ter no deporte unha ferramenta para o desenvolvemento de proxectos transversais.

IV.- Que ADESP está en disposición, conforme aos seus propios estatutos, para alcanzar ou subscribir todo tipo de acordos e convenios con calquera persoa e entidades, públicas e privadas, de todo ámbito territorial para lograr o fin descrito no apartado precedente.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e en atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 07 de febreiro

